



Retrato por Marcello Venusti

A OBRA DE MIGUEL ANXO BUONARROTI (1475-1564)

por Alfonso Blanco (curso 2013-14)
Coa colaboración do Departamento de Xeografía e Historia

les *Fontexería*

BIBLIOTECA



Retrato por Daniele da Volterra

Miguel Anxo Buonarroti foi un dos máis grandes artistas da Historia. Expresouse a través da Escultura (a súa actividade preferida), a Pintura e ademais, nos seus derradeiros anos, a Arquitectura. En todos estes campos alcanzou unha mestría e unha capacidade artística difíciles de igualar.

Natural de Florencia, viviu entre esta cidade e Roma, traballando para os seus principais mecenas: a familia Médici e os diferentes papas que coñeceu durante a súa vida

Nesta exposición, cando se cumpren 450 anos da súa morte, amósase a obra completa de Miguel Anxo, en xeral por orde cronolóxica, incluíndo debuxos dalgunhas pezas hoxe desaparecidas



Retrato de Lorenzo de Médici, alcumado O Magnífico, por Giorgio Vasari. Foi o primeiro mecenas de Miguel Anxo



Velaquí tres papas importantes na vida artística de Miguel Anxo: Xulio II (por Rafael), León X (por Rafael) e Clemente VII (por Sebastiano del Piombo). Os dous derradeiros eran da familia Médici



A pesar de que a paixón declarada de Miguel Anxo era a Escultura, a primeira obra que conservamos é a pintura chamada *O Tormento de Santo Antón*, no que o artista segue un tema moi coñecido na época: as tentacións ás que os demos someten a Santo Antón durante o seu retiro no deserto. Tradicionalmente atribuírase ó obradoiro de Domenico Ghirlandaio, no que Miguel Anxo traballou de aprendiz, mais hoxe considérase probada a súa autoría: o artista tiña entre 12 e 13 anos



***O Tormento de Santo Antón*
[óleo sobre lenzo;
47x35 cm]
(Kimbell Art Museum,
Fort Worth,
Texas)**



*Virxe da escada [55,5x40 cm]
(Casa Buonarroti, Florencia)*

Entre 1490 e 1492 poden datarse as súas primeiras obras escultóricas. Crese que realizou unha *Cabeza de fauno*, hoxe desaparecida. As primeiras conservadas son dous relevos: a *Virxe da escada* e a *Batalla dos centauros*



*Batalla dos centauros [84,5x90 cm]
(Casa Buonarroti, Florencia)*



Hércules
(Debuxo realizado por Peter Paul
Rubens [1577-1640])

Desta mesma época inicial son outras dúas pezas: un *Hércules* (hoxe desaparecido) e unha talla en madeira dun *Cristo crucificado* para o convento florentino do *Santo Spirito*, onde o artista pasara uns meses. De 1495 é outro crucifixo, de atribución *dubidosa*



Crucifixo do Santo Spirito
[142x135 cm]
(Basílica do Santo Spirito,
Florenzia)



Crucifixo en madeira de tileiro
[41x40 cm]
(Museo do Bargello,
Florenzia)

En 1494 Miguel Anxo foi residir a Bolonia, onde o nobre Francesco Aldovrandi lle encargou unhas esculturas para completar a sepultura de San Domingos de Guzmán, chamada *Arca de San Domingos*



Miguel Anxo esculpíu tres figuras para a *Arca de San Domingos*: de esquerda a dereita, un Anxo portacandeas [51,5 cm], un *San Próculo* [58,5 cm] e un *San Petronio* [64 cm]




Vista xeral da *Arca*, coa ubicación do *San Petronio* e o Anxo [o *San Próculo* está pola parte de atrás] (Basílica de San Domingos, Bolonia)



En 1495 Miguel Anxo volta a Florencia, e alí esculpe dúas figuras hoxe perdidas: un *San Xoán Neno* e un *Cupido Durminte*. Ó ano seguinte decide marchar a Roma. Alí, o cardenal Riario encárgalle un *Baco*; a obra é rexeitada por parecer demasiado sensual, e será comprada polo banqueiro Jacopo Galli. Da mesma época é un Cristo crucificado de marfil, conservado na Basílica de Montserrat, en Barcelona, que se lle ten atribuído recentemente

***Baco* [203 cm]
(Museo Nacional do *Bargello*, Florencia)**



***Cristo crucificado* [58,5 cm]
(Basílica de Montserrat,
Barcelona)**

O mesmo Jacopo Galli encargoulle un *Cupido de Pé*, hoxe perdido. Por mediación deste financeiro, Miguel Anxo recibe en 1497 (tiña 22 anos) un encargo do cardenal francés Jean Bilhères de Lagraulas para esculpir unha *Piedade*, destinada á súa futura tumba nunha capela da antiga Basílica de San Pedro, e que, rematada en 1499, foi logo instalada no novo edificio, iniciado por Bramante en 1506



Piedade [174x195 cm; única obra asinada polo artista]
(Basílica de San Pedro, Cidade do Vaticano)

A *Madonna de Manchester* é unha pintura de 1497 que os estudiosos acordan en atribuír a Miguel Anxo. Representa á Virxe María cun peito nu, despois de amamantar a Cristo, na compañía de Xoán o Bautista. A obra chamou a atención en 1857 nunha exposición en Manchester, e de aí o seu nome. Está realizada en ténpera sobre madeira, e non foi rematada



Madonna de Manchester
[105x76 cm]
(National Gallery, Londres)

David [517 cm]
(Galería da Academia,
Florenxia)



En 1501 Miguel Anxo retorna a Florenxia, onde Piero Soderini, un dirixente da cidade, lle encarga un *David* en mármore. Traballou na obra durante dous anos e medio. Considerada un dos cumios da súa arte, foi instalada na *Piazza da Signoria*; alí estivo ata 1873, ano no que se levou ó museo da Galería da Academia para protexela (no seu lugar deixouse unha copia). En 1502 o goberno florentino encárgalle un *David* de bronce para Pierre de Rohan, un militar francés. Con todo, non puido rematalo, e o escultor Benedetto de Rovenzano realizou a fundición; hoxe está perdido

Polas mesmas datas de confección do *David*, Miguel Anxo realizou un releve circular de mármore para Tadeo Taddei, que representa á Virxe con Xesús e Xoán o Bautista de nenos.

Por outra banda, uns mercaderes flamencos, os Mouscron, encargáronlle unha Virxe con neno, tamén en mármore, para unha capela da cidade de Bruxas



**Tondo Taddei [82,5 cm de diámetro; inacabado]
Royal Academy Of Arts, Londres)**



**Madonna de Bruxas [128 cm]
(Igrexa de Nosa Señora de Bruxas)**

Outro releve foi o que empezou a esculpir para un nobre florentino, Bartolomeo Pitti: representa á Virxe con Xesús lendo un libro. En 1503 asinou un contrato co gremio da la de Florencia para realizar 12 estatuas dos Apóstolos, destinadas á igrexa de *Santa Maria del Fiore*. Só comezou unha, un *San Mateo*, que deixou tamén sen rematar



***San Mateo* [271 cm]
(Galería da Academia, Florencia)**




***Tondo Pitti* [82,8 cm de diámetro]
(Museo Nacional do *Bargello*, Florencia)**


Entre 1503 e 1504 traballou nunhas esculturas para un lateral do altar da capela da familia Piccolomini (da que saíron dous papas) na Catedral de Siena: un *San Pedro*, un *San Paulo*, un *San Pío* e un *San Gregorio* (este é de autoría dubidosa)



Altar da Capela Piccolomini na Catedral de Siena, obra de Andrea Bregno. As esculturas de Miguel Anxo están nos laterais



De esquerda a dereita: *San Pedro* [127 cm], *San Paulo* [134 cm], *San Pío* [124 cm] e *San Gregorio* [121 cm]



Santo Enterro [témpera sobre madeira; 161x149 cm] (National Gallery, Londres)

Nestes primeiros anos do s. XVI Miguel Anxo tamén pintou. Por unha banda, un *Santo Enterro* (ca. 1501), que non rematou; pola outra, unha *Sagrada Familia*, coñecida tamén como *Tondo Doni*, por ser un regalo de voda para Agnolo Doni (1503-1504)



Sagrada Familia ou Tondo Doni [témpera e óleo sobre madeira; 120 cm de diámetro] (Galería dos Uffizi, Florencia)



Da mesma época é un óleo que non realizou: *A batalla de Cascina*, encargado pola *Signoria* (gobierno) de Florencia para decorar a Sala do Consello xunto a outra pintura que debía levar a cabo Leonardo Da Vinci. Sábese que o cartón no que Miguel Anxo fixo un deseño previo estivo exposto, mais logo desapareceu. O que temos é unha copia ó óleo do cartón feita por Bastiano da Sangallo (77x130 cm)



Reconstrucción dun dos proxectos de Miguel Anxo para a tumba de Xulio II



Reconstrucción da estatua en bronce de Xulio II na Catedral de Siena

En 1505 foi chamado a Roma polo papa Xulio II para realizar a súa tumba, de carácter monumental, e que ía ser instalada baixo a cúpula da nova Basílica de San Pedro do Vaticano. Miguel Anxo considerou este traballo a obra da súa vida, e planeou para ela moitas esculturas. Con todo, o proxecto víuse aprazado polo encargo do propio papa para pintar a bóveda da Capela Sixtina. O artista, contrariado, negouse, e marchou a Florencia. O papa ameazou con excomulgalo, mais a reconciliación tivo lugar en Bolonia, onde Xulio II lle pediu unha estatua de si mesmo en bronce, que Miguel Anxo entregou en 1508, e que foi destruída en 1511

O fresco da bóveda da Capela Sixtina do Vaticano, de 500 m², tomoulle a Miguel Anxo catro anos da súa vida (de 1508 a 1512), nos que traballou sen axudantes, substituíndo a pintura anterior, que representaba un ceo estrelado. O motivo central constitúeno nove episodios da *Xénese* bíblica, separados por elementos arquitectónicos pintados. Nas seccións laterais están os antepasados de Cristo, mentres que nos triángulos sitúanse profetas e sibilas. Finalmente, nas cunchas das esquinas aparecen catro episodios da Historia do pobo de Israel



**Tumba do papa Xulio II
(Igrexa de San Pietro In Vincoli,
Roma). O Moisés está no centro,
abaixo, con Raquel e Lía á
esquerda e dereita do observador**



**Moisés (235 cm), Raquel (195 cm) e Lía (209 cm).
As dúas últimas foron rematadas en 1545**

En 1513, Miguel Anxo retoma o plan da tumba en mármore de Xulio II, mais o papa morre o mesmo ano, co que o proxecto resulta adiado, e tamén modificado ata en seis ocasións. Finalmente, a tumba será construída en 1542, só con tres estatuas realizadas polo artista: o famoso *Moisés*, *Raquel* e *Lía*. O conxunto non foi instalado no Vaticano, senón na igrexa de *San Pietro In Vincoli*, en Roma

Miguel Anxo traballou moito (entre 1513 e 1534, aproximadamente) nos diferentes proxectos, finalmente descartados, da tumba de Xulio II. Conservamos trazas do seu esforzo en seis figuras de escravos, maiormente inacabadas, que representaban ós pobos pagáns no seu nacemento á fe cristiá; tamén realizou o chamado *Xenio da Victoria*



De esquerda a dereita: *Escravo rebelde* (215 cm, Museo do Louvre, París), *Escravo moribundo* (229 cm, Museo do Louvre, París), *Escravo novo* (256 cm, Galería da Academia de Florencia), *Escravo Atlante* (277 cm, Galería da Academia de Florencia), *Escravo barbudo* (267 cm, Galería da Academia de Florencia), *Escravo despertando* (267 cm, Galería da Academia de Florencia) e *Xenio da Victoria* (261 cm, Palazzo Vecchio, Florencia)

Paralelamente ó xigantesco proxecto da tumba de Xulio II, en 1518 Miguel Anxo asinou un contrato para construír a fachada da Basílica de San Lorenzo de Florencia, por encargo do novo papa León X, un Médici. Con todo, por desacordos entre as partes, o proxecto abortouse en 1520. Antes, en 1517, o artista dirixira unhas reformas no andar baixo do Pazo Médici Riccardi, na mesma cidade de Florencia



**Á esquerda: modelo en madeira feito por Miguel Anxo para a fachada da Basílica de San Lorenzo de Florencia.
Á dereita: Pazo Médici Riccardi, tamén en Florencia**

Tamén na década de 1520, o novo papa Clemente VII encargoulle o proxecto da Biblioteca Laurenciana (chamada así na honra de Lorenzo de Médici *O Magnífico*), ubicada no convento da Basílica de San Lorenzo de Florencia, e destinada a acoller os libros propiedade da familia. Miguel Anxo planeou o vestíbulo, a escada de acceso e a propia Sala de Lectura. A Biblioteca non foi rematada ata 1558



De arriba abaixo: escada, vestíbulo e sala de lectura da Biblioteca Laurenciana



Exterior e interior da *Sancristía Nova* da Capela dos Médici na Basílica de San Lorenzo de Florencia



Entre 1524 e 1534, Miguel Anxo alternou o traballo na tumba de Xulio II cun novo encargo de Clemente VII para construír as tumbas de catro membros da saga Médici: Lorenzo o Magnífico (pai do papa León X e primeiro mecenas do artista), Xuliano (pai do propio papa Clemente VII), Lorenzo II e Xuliano II. Para iso, o artista edificou a chamada *Sancristía Nova* da Capela dos Médici, integrada na Basílica de San Lorenzo de Florencia: en cada unha das súas catro paredes irían as tumbas. Por esta época, entre 1528 e 1529, proxectou tamén un grupo de fortificacións para a cidade de Florencia

Miguel Anxo comezou polas tumbas dos dous Médici máis novos (Lorenzo II e Xuliano II, que deixaron menos pegada na Historia que os seus antergos). Cando en 1534 o artista abandonou Florencia debido á inestabilidade política da cidade, tivo que deixar sen rematar o proxecto



Tumbas de Xuliano II (á esquerda), coa súa estatua nunha fornela e dúas esculturas alegóricas chamadas *Noite e Día* (630 x 420 cm); e de Lorenzo II (á dereita), tamén co Médici en fornela e coas imaxes alegóricas coñecidas como *Crepúsculo e Aurora* (630 x 420 cm)



Á esquerda, unha *Virxe con Neno* (226 cm) destinada ó centro da Capela, pero situada sobre a tumba de Lorenzo o Magnífico (está flanqueada por figuras dos santos Cosme e Damián, proxectadas por Miguel Anxo pero rematadas por outros artistas). Á dereita, *Mozo agachado* (54 cm), pensado para as mesmas tumbas, mais conservado no Museo do *Hermitage* (San Petersburgo)



Cristo da Minerva
[205 cm]
(Igreja de Santa Maria sopra Minerva, Roma)



Por esta época, em 1520, Miguel Anxo rematou o encargo dun *Cristo* en mármore que lle fixera en 1514 o nobre romano Metello Vari. Por outra banda, entregou un *Apolo* a Baccio Valori, gobernador de Florencia por conta do papa Clemente VII




Apolo
[146 cm]
(Museo Nacional do Bargello, Florencia)



De novo en Roma, Clemente VII encargoulle pintar na parede do altar da Capela Sixtina do Vaticano un fresco do *Xuízo Final* (13,2 x 12,2 m), no que traballou entre 1536 e 1541.


Nel representábase a Cristo separando ós xustos dos pecadores, coa Virxe María ó seu carón e rodeado de santos. Ás súas esquerda e dereita sitúanse unha serie de figuras que representan ós salvados e condenados.

A pesar da admiración que concitou a obra, houbo voces no Vaticano que rexeitaron o emprego de figuras espidas; de feito, en 1559 o pintor Daniele da Volterra, (coñecido logo como // *Braghettone*) por orde do papa Paulo IV, cubríu os órganos sexuais con veos pintados (aínda que non todos). Hoxe o fresco aparece tal e como o pintou Miguel Anxo



Bruto [74 cm sen contar a base].
A vestimenta foi rematada por
Tiberio Calcagni
(Museo Nacional do *Bargello*,
Florenzia)

**Dúas obras
pertencen a
arredor de
1540. Un
Bruto (busto
en mármore
do fundador
da República
romana
antiga),
engargado
polo
cardenal
Niccolò
Ridolfi; e o
óleo *A
Crucifixión*,
agasallo
para a súa
amiga
Vittoria
Colonna**



A Crucifixión. Non se
conserva o orixinal: esta é unha copia
que se atopa na Concatedral de
Santa Maria de la Redonda, en
Logroño

Cando Miguel Anxo rematou o *Xuízo Final*, o papa Paulo III encargoulle que pintase dous frescos na Capela Paulina do Vaticano, nos que estivo traballando de 1542 a 1550. Os temas elixidos foron a crucifixión de San Pedro e a conversión de San Paulo



De esquerda a dereita: O martirio de San Pedro (625 x 662 cm) e A conversión de San Paulo (625 x 661 cm)

En 1546 encargóuselle o redeseño da Praza do Campidoglio (o outeiro do Capitolio da antiga Roma). Miguel Anxo dispuxo ó fondo o *Palazzo dei Senatori* (edificio do Concello de Roma), e a ambos lados dous pazos de estrutura semellante: o *Palazzo dei Conservatori* e o *Palazzo Nuovo*. Para o pavimento, escolleu como motivo unha retícula curvilínea inscrita nunha elipse, con centro na estatua ecuestre do emperador romano Marco Aurelio, instalada alí en 1537. Finalmente, completou o proxecto cunha rampa de acceso (a *Cordonata Capitolina*)



Tamén en 1546, Miguel Anxo substituíu ó finado Antonio da Sangallo para rematar o *Palazzo Farnese*, en Roma. Traballou sobre todo na fachada, mentres que o sector posterior foi rematado anos despois por Giacomo della Porta





O mesmo ano, Miguel Anxo reemprazou tamén a Antonio da Sangallo nas obras da Basílica de San Pedro do Vaticano. O artista modificou o proxecto orixinal de Bramante en varios aspectos, o máis rechamante dos cales foi a cúpula. As obras non remataron ata 24 anos despois da súa morte




En 1550 Miguel Anxo comezou unha nova *Piedade*, que concebiu para ser instalada na Basílica de Santa a María a Maior de Roma, onde tiña intención de ser soterrado, aínda que máis tarde cambiou de idea e repousaría en Florencia, onde actualmente se conserva a escultura (no Museo *dell'Opera del Duomo*) . O grupo escultórico, de 253 cm de altura, representa a Cristo sostido pola Virxe María, María Madalena e Nicodemo (no vértice superior), no que se recoñece ó propio artista, quen, en 1555, descontento coa obra, lle causou uns estragos (logo restaurados por Tiberio Calcagni)

En 1561, o papa Pio IV decidiu transformar as antigas Termas do emperador Diocleciano en igrexa, que foi chamada *Santa Maria degli Angeli e dei Martiri* (contén sete altares dedicados ós anxos e outros tantos ós mártires cristiáns). Do proxecto encargouse Miguel Anxo, que reorganizou os restos antigos para darlle á planta forma de cruz grega e dividila en naves, aproveitando parte das bóvedas da construción romana



De arriba abaixo:
exterior e interior
da igrexa de
*Santa Maria degli
Angeli e dei Martiri*
(Roma)





Arriba: Proxecto para
San Giovanni dei Fiorentini

Abaixo: Capela *Sforza*
na Basílica de Santa
María a Maior



Entre 1559 e 1560 Miguel Anxo seguiu traballando en Arquitectura: proxectou a igrexa de *San Giovanni dei Fiorentini* en Roma, pero a súa proposta non foi aceptada. Por outra banda, construíu a chamada Capela *Sforza*, no interior da Basílica de Santa María a Maior de Roma



Por estes mesmos anos, e a instancias do papa Pío IV, Miguel Anxo construíu a *Porta Pia*, que sustituía a unha das entradas dunha antiga muralla da cidade de Roma, construída en tempos do emperador Aureliano (s. III d.C.). Foi o derradeiro proxecto arquitectónico que iniciou, e non foi completado ata tempo despois da súa morte



Piedade Palestrina [253 cm].
Representa a Cristo, a Virxe María
e María Madalena
(Museo da Academia de
Firenze)

**As dúas obras
finais de Miguel
Anxo, que
deixou
inacabadas,
foron dúas
esculturas:
unhas
pietades. Na
derradeira, a
*Piedade
Rondanini*,
estivo
traballando ata
a mesma noite
da súa morte, o
18 de febreiro
de 1564**



Piedade Rondanini [195 cm]
(Castello dos Sforza, Milán)



MICHELANGELO

